

# Código de conduta

Para un desenvolvemento óptimo das actividades de Videoxogo.gal e a xeración dun ambiente laboral ético e respectuoso, establecemos a continuación un Código de conduta. Nel recóllense unha serie de normas de comportamento que rexerán a relación entre as diferentes persoas integrantes da asociación, independentemente do cargo, así como unha serie de principios que servirán de guía á hora de levar a cabo a súa actividade dentro da asociación e con calquera tipo de entidade ou persoa colaboradora.

## **Loita contra a discriminación e o acoso**

Un dos principios fundamentais deste Código de conduta é sinalar a necesidade de respectar a todas as persoas, tanto as que forman parte da propia asociación como aquelas coas que se trate externamente, sen incorrer en ningún tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, idade, relixión, nacionalidade ou calquera outra circunstancia amparada polas leis. Ademais, anímase aos membros da asociación a denunciar calquera conduta en contra destes principios, así como calquera tipo de acoso.

Cada un/unha de nós debe ter a oportunidade de lograr o seu máximo potencial e contribuír á mellora da cultura e profesións relacionadas coas ferramentas e procesos de investigación que forman ou poidan pertencer á creación dun videoxogo e á súa comunidade. Para logralo, debemos non discriminar nin tratar aos seus integrantes inxustamente. Condenamos e estamos absolutamente en contra de calquera acción, iniciativa ou conduta negativa, irrespectuosa, violenta ou prexuzosa baseada en: cor de pel, orixe étnico, nacionalidade, clase social e económica, nivel educativo, estatus familiar, identidade e expresión de xénero, orientación sexual, idade, aparencia, relixión, afiliación política ou diversidade funcional.

O acoso ou violencia baseadas en calquera destas características persoais vai sempre en contra das nosas políticas e é ilegal conforme á *Ley 15/2022, do 12 de xullo*. Deberemos actuar sempre con respecto e xustiza, así como proporcionar a toda persoa unha oportunidade para desenvolver as súas capacidades e crecer persoal e profesionalmente. Calquera infracción desta sección do Código poderá terminar inmediatamente cos dereitos da persoa agresora e provocar a súa expulsión, tanto se se trata dunha persoa socia coma se se trata dun membro da xunta directiva.

## **Transparencia e conflito de intereses**

Todas as persoas integrantes da asociación teñen o deber de informar das decisións que tomen que poidan afectar á mesma (contratos con provedores, aceptación de regalos, etc.), especialmente se pode supor un conflito de interese (por exemplo, se no desempeño do seu traballo un empregado pode contratar a un provedor que é familiar ou achegado).

Este Código de conduta establece a necesidade de manter sempre a transparencia na toma de decisións de todos os membros da organización.

## **Confidencialidade e protección da información**

Todo membro de Videoxogo.gal debe respectar a confidencialidade das actividades, produtos, servizos e contactos da asociación, e non divulgar información confidencial a terceiros alleos á mesma, sexa por escrito, verbalmente ou outros medios, e independentemente de que se fixera antes ou despois da sinatura do presente documento, deberá manterse en segredo salvo nos seguintes casos:

- Cando a revelación da información confidencial se requira á asociación ou a calquera dos seus traballadores por lei ou a petición ou recomendación dunha autoridade gubernamental, sempre que informe previamente ao resto das partes en tanto que a lei o permita.
- Cando a información confidencial se revele a administradores, directivos, empregados, asesores ou auditores, entre outros, de Videoxogo.gal ou dalgunha entidade ou empresa colaboradora, sempre que ditos administradores, directivos, empregados, asesores ou auditores se comprometan a manter en segredo a información.
- Cando a información confidencial se revele a administradores, directivos, empregados, asesores ou auditores de terceiros en relación con transaccións e operacións de natureza societaria ou en mercados de capitais que inclúan a Videoxogo.gal, a súa sociedade matriz ou calquera entidade do grupo ao que pertenza, sempre que o destinatario da información asuma unha obriga de confidencialidade equivalente.
- Cando unha persoa traballadora queira compartir parte do seu traballo por motivos promocionais, de márketing ou o seu propio porfolio profesional. O material que esta persoa traballadora desexe compartir someterase á aprobación das persoas socias e responsables de márketing e relacións públicas da asociación (sexan estes responsables internos ou dunha terceira parte).

Dita confidencialidade será respectada como mínimo ata tres anos despois de ter abandonado a asociación, a non ser que exista un contrato ou cláusula de confidencialidade externa a este documento que fora suscrita polas persoas asinantes.

## **Imaxe corporativa**

A imaxe corporativa é un dos elementos esenciais da asociación e, polo tanto, é o deber de cada membro da asociación promocionar dita imaxe, especialmente cando están representando a Videoxogo.gal de xeito público.

## **Garantir a seguridade e confort de todo o equipo**

- Mostrar respecto cara ao resto de compañeiros/as e actuar con integridade. Todo debate ten cabida sempre e cando se desenvolva de forma ordenada e respectuosa, evitando rotundamente o uso de descalificativos persoais tanto na esfera pública como na privada.
- Respetarase o espazo persoal e dixital de cada membro, especialmente se non existe vontade de interacción entre ambas partes. Unha conducta repetida de invasión de estes espazos en

contra da vontade de outro membro será tratado como acoso e será sancionado en consecuencia

- Actuar de forma responsable e honesta con todas as persoas integrantes do equipo, internos ou externos. É preciso ter en consideración que todas as nosas accións e declaracións poderán afectar e asociarse á imaxe da asociación e a toda a comunidade e individuos que a conforman.
- Fomentar a toma de decisións de forma ética.
- Crear un entorno cultural aberto no que todos os seus membros se sintan cómodos e poidan compartir as súas inquietudes.
- Protexer e previr represalias contra os que denuncien o incumprimento do Código ou da lei.
- Buscar axuda para resolver problemas e para informar deles a quen corresponda a medida que estes aparecen.

### **Política de seguridade física e dixital**

Todo/a socio/a de Videoxogo.gal se compromete a velar pola seguridade dos bens tanto tanxibles como intanxibles da asociación. Para iso, todo integrante do equipo se compromete a facer un uso responsable do material relacionado co estudio ou os seus proxectos, facéndose cargo de dar un coidado e mantemento diario do *hardware*, así como de cumprir coas seguintes indicacións particulares:

- **Arquivos e documentos de traballo**
  - Non incluír datos persoais ou de risco nos nomes das carpetas ou arquivos.
  - Non compartir arquivos nin carpetas de traballo con persoas ou entidades alleas á organización sen autorización previa, agás excepcións previamente acordadas como colaboradores ou socios externos.
- **Contrasinais e credenciais**
  - Comprometerse a manter os contrasinais e as credenciais almacenados de xeito seguro, evitando que calquera persoa non autorizada poida acceder a elas.
  - Actualizar os contrasinais con asiduidade e comunicar isto ao resto do equipo cando isto teña lugar.
  - Non compartir en ningún caso contrasinais e credenciais con persoas ou entidades alleas á organización sen autorización previa.
- **Hardware (computadoras, discos duros e outros dispositivos)**
  - Coidar das condicións do entorno no que se dea uso deste *hardware* (privacidade, humidade, axentes externos, etc.).
  - Mantelo periodicamente para o seu óptimo funcionamento.

Calquera persoa traballadora, que coñeza ou teña sospeita de que se puido comprometer a seguridade da asociación en calquera das súas formas (arquivos, equipos, credenciais, oficinas, etc.), estará na obriga de comunicarllo á administración da mesma o antes posible por calquera dos medios oficiais postos á súa disposición.

### **Investigación de condutas indebidas**

Todos os informes de supostas violacións deste Código ou da lei serán tomados coa debida seriedade e analizados tan pronto como sexa posible. Segundo corresponda, o Departamento de Ética e Cumprimento (conformado por membros da xunta directiva e do resto da base de socios) asignará investigadores para que analicen todas as instancias informadas destas supostas violacións. O procedemento para seguir será:

- Actuar de forma obxectiva a fin de determinar os feitos a través de entrevistas ou a revisión de documentos.
- Comunicarse con aqueles que poidan ter coñecemento acerca do(s) presunto(s) incidente(s), sempre que as persoas implicadas estean conformes.
- Suxerir medidas correctivas e/ou disciplinarias cando corresponda á Xunta Administrativa. Dacordo coa lei aplicable, Videoxogo.gal esforzase por:
  - Protexer a confidencialidade dos individuos implicados na medida do posible.
  - Informar ás persoas implicadas das acusacións denunciadas na súa contra no momento en que dita divulgación non poña en perigo a investigación nin a seguridade das persoas implicadas.
  - Cando sexa admisible, permitir ás persoas implicadas revisar e corrixir a información denunciada.

Para garantir todo isto, toda persoa traballadora debe cooperar plenamente cunha averiguación ou investigación.

En caso de discriminación, abuso ou agresión, priorizarase a seguridade e a comodidade da persoa agredida, polo que se lle prestará todo o apoio que sexa posible dende o Departamento de Ética e Cumprimento e, de ser preciso, trasladarase á xunta directiva de Videoxogo.gal a proposta de creación dun grupo de apoio a tal efecto.

Calquera tipo de caso investigado partirá da presunción de inocencia cara calquera persoa involucrada, así como tamén velará pola protección das presuntas vítimas. A partires disto, levaráanse a cabo as pesquisas correspondentes e a xunta comunicará coas partes implicadas para esclarecer a situación todo o posible e concluir medidas xustas.

### **Medidas disciplinarias**

Ante calquera violación deste Código de conduta, a asociación tomará as medidas disciplinarias oportunas. Agárdase o cumprimento co Código, coas políticas da asociación e a lei ao realizar actividades no nome de Videoxogo.gal. A violación do Código, das políticas da asociación ou da lei poden resultar en:

- A aplicación dunha medida disciplinaria, que pode implicar a finalización da relación que se teña segundo a natureza e a gravidade da violación do Código.
- En caso de violación da lei, poderán impoñerse penas civís e/ou penais por parte dun organismo do goberno ou un tribunal.

A continuación, debullarase a tipificación das faltas. Cabe engadir como previa que, lonxe de pretender que o seguinte se interprete como un castigo, a fin que se persegue é a de garantir o cumprimento do presente Código como a mellor forma de preservar os obxectivos da asociación, así como a seguridade de todas as persoas integrantes.

- **Constitúen faltas leves**
  - Expresións despectivas cara o resto dos/as compañeiros/as, persoas socias, colaboradores/as ou patrocinadores/as, etc.
  - Calquera falta de respecto a unha persoa, organismo ou institución que se poida relacionar coa asociación sen que derive en problemas serios para a devandita.
  - Omitir ou ocultar, de xeito activo ou pasivo, calquera información que afecte á asociación ou ao resto dos/as compañeiros/as.
- **Constitúen faltas graves:**
  - A reiteración de dúas faltas leves.
  - Non informar dun conflito de intereses.
  - Calquera insulto, falta de respecto, abuso ou agresión cara os/as demais compañeiros/as, persoas socias, colaboradores/as ou patrocinadores/as, etc. Exemplos: ignorar a alguén activamente, invisibilizar o seu traballo ou aportacións, xerar ou contribuir a xerar conflito con esa persoa, etc.).
  - Calquera falta de respecto a unha persoa, organismo ou institución que se poida relacionar coa asociación que se xulgue que poida derivar en problemas serios para a devandita.
- **Constitúen faltas moi graves:**
  - A reiteración de dúas faltas graves.
  - Facer declaracións ou levar a cabo accións que vaian contra os fins e principios da asociación.
  - Usar os bens, a información e os recursos da asociación en beneficio persoal ou para beneficiar a outros.
  - Incurrir en calquera comportamento corrupto, soborno ou fraude.
  - Difundir información confidencial da asociación, da súa actividade ou de calquera compañeiro/a.
  - Facer declaracións ou tomar decisións ou iniciativas no nome da asociación sen o consentimento da xunta directiva.
  - Suplantar a identidade de calquera compañeiro/a.

Ante calquera falta, a xunta directiva (membros que non estean implicados en dita falta) determinará unha reacción proporcional á mesma, aplicando o sentido común e buscando o consenso de todas as partes e/ou o que máis beneficie os valores e intereses da asociación.

## Renovación do Código de conduta

Este documento constituirá o marco de relación entre todas as persoas integrantes de Videoxogo.gal e será susceptible de ser actualizado ou modificado cando calquera deles así o solicite. A modificación ou actualización deste documento deberá ser aprobada polo Departamento de Ética e Cumprimento.